

O COLEXIO APÓSTOL SANTIAGO, A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS  
DE ALUMNOS (ANPA), E EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA PROMOVEN CONXUNTAMENTE  
UN CONCURSO LITERARIO E DE PINTURA DE ACORDO  
COAS SEGUINTE BASES:

.....  
**XXXIV CONCURSO LITERARIO**  
.....

**PARTICIPACIÓN:**

Poderán participar todos os alumnos e alumnas do Colexio Apóstol Santiago, dentro das seguintes categorías:

E. Infantil (5 años)	Un traballo por aula
Educación Primaria	Categoría 1ª á 6ª.
1º e 2º de ESO	Categoría 7ª.
3º e 4º de ESO	Categoría 8ª.
1º e 2º de Bacharelato	Categoría 9ª.
Pais	Categoría 10ª

E nas seguintes modalidades:

Modalidade A:	Narrativa
Modalidade B:	Poesía

En lingua castelá ou galega.

A Categoría 10ª ten unha única modalidade xeral: narrativa, poesía, castelán, galego.

**PRESENTACIÓN:**

Os traballos deberán ser “orixinais e inéditos”, sendo o tema de desenvolvemento libre.

**Cada participante poderá presentar un único traballo por lingua, é dicir, poderá entregar ata dous traballos en total.**

- Narrativa: Ata a categoría 7ª, máximo de 5 follas; para as categorías 8ª, 9ª e 10ª, un máximo de 10 follas.
- Poesía: 1 poema por modalidade, é dicir, cada concursante poderá presentar un poema en galego e outro en castelán.

- Os traballos, deberán presentarse manuscritos ata a 6ª categoría, sendo obrigatoria a súa presentación impresa no resto das categorías. Virán sen encuadernación de ningún tipo, e os gañadores deberán enviarse ao correo: [concursoliterarioapostol@gmail.com](mailto:concursoliterarioapostol@gmail.com) en soporte informático (Word) e acompañado dunha fotografía en formato jpg, nun prazo de 10 días laborais dende a súa comunicación.
- A partir da 5ª categoría, os traballos entregaranse en follas DIN A4 en branco, sen raias nin cuadrículas, e os informatizados con tipo de letra Calibrí, tamaño 11, e con marxes de 2,54 cm (o que xa vén por defecto no programa Word).

3. Forma de entrega:

Ata a 6ª categoría presentarase o traballo ao titor, poñendo na parte superior da folla os seguintes datos: **Pseudonimo, Categoría, Modalidade e Lingua.**

A partir da 7ª categoría, cada orixinal entregarase nun sobre grande cos datos debidamente cubertos segundo ficha adxunta. Dentro do mesmo, outro sobre máis pequeno pechado que incluírá: dentro, a ficha cos datos persoais do concursante, e fora, no fronte do sobre, os mesmos datos do sobre grande. As fichas de datos estarán dispoñibles na web do colexio xunto con estas bases.

A primeira folla dos traballos debe ir con todos os datos cubertos segundo modelo adxunto: versión con pauta da 1ª á 4ª categoría e en branco as restantes.

Os traballos entregaranse aos titores ata a 6ª categoría e aos profesores de lingua nas restantes.

4. O feito de participar no concurso supón:

- a total aceptación destas bases e
- a cesión dos dereitos de autor ao colexio.

**DATA:**

O prazo de presentación remata o mércores, **25 de marzo** de 2020. Todos os participantes recibirán un marcapáxinas co cartel gañador, doado pola ANPA.

**XURADO:**

Estará constituído por membros da ANPA e representantes da editorial Xerais. Os membros do xurado poderán declarar deserto o premio en calquera das categorías.

**PREMIOS:**

Entregaranse o **6 de maio** nun acto que se vai celebrar no Colexio.

- Educación Infantil:** un premio por aula e material didáctico.
- Educación Primaria:** lotes de libros doados por Xerais para cada modalidade, categoría e lingua. Premiarase tamén a aula con maior número de traballos presentados cun premio sorpresa a disfrutar por todos os alumnos e o seu profesor.
- As categorías restantes** recibirán un libro donado por Xerais e Anaya e os seguintes premios en metálico:

	Modalidade A				Modalidade B			
	Castelá		Galego		Castelá		Galego	
	1º Premio	Accésit	1º Premio	Accésit	1º Premio	Accésit	1º Premio	Accésit
Categoría 7ª	40 €	20 €	40 €	20 €	40 €	20 €	40 €	20 €
Categoría 8ª	40 €	20 €	40 €	20 €	40 €	20 €	40 €	20 €
Categoría 9ª	60 €	30 €	60 €	30 €	60 €	30 €	60 €	30 €

NOTA IMPORTANTE: DADA A IDADE DA MAIORÍA DOS PARTICIPANTES, ACONSELLAMOS QUE A FAMILIA ACOMPAÑE E ANIME NA ELABORACIÓN DO TRABALLO, LIMITANDO A SÚA ACTUACIÓN Á CORRECCIÓN DE DIFICULTADES ORTOGRÁFICAS, LIMPEZA, ORDE, CUMPRIMENTO DAS BASES, ETC. EN NINGÚN CASO RETOCARÁ CONSTRUCCIÓN, EXPRESIÓNS, XIROS, VOCABULARIO... PROPIAS DA IDADE DO AUTOR.

O xurado verase na obriga de rexeitar aqueles traballos onde se vexa ben ás claras a axuda do adulto.

